

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

14. ALUMNADO EN PRÁCTICAS E BOLSAS DE FORMACIÓN

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión: pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercizo de poderes públicos (art. 6.1.c., e. do RXPDP).

FINS

Xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas. Xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Participantes nos procesos de selección de bolsas, bolseiros, alumnos en prácticas.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, e número da Seguridade Social. Sinatura electrónica.

Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, lugar de nacemento, idade, sexo e nacionalidade.

Datos económicos e de seguros: datos bancarios.

DESTINATARIOS

Universidades coas que se establecen convenios de colaboración, no caso das prácticas de estudantes. Os datos de carácter persoal dos bolseiros serán comunicados ás Administracións Públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web do Parlamento de Galicia. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.